

foron sometidos a coñecemento da citada autoridade. A validez do informe estará condicionada a que o proxecto que foi sometido á autoridade nacional designada non sufrise modificacións substanciais con posterioridade.

2. Para os efectos do punto anterior entenderase que, en todo caso, é unha modificación substancial do proxecto aquela que:

a) Faga incompatible a participación voluntaria na actividade de proxecto autorizada coa normativa internacional, en particular as decisións de aplicación dos artigos 6, 12 e 17 do Protocolo de Kioto, a normativa comunitaria e a normativa nacional.

b) Supoña unha modificación de aspectos básicos do proxecto que evidencien unha falta de identidade entre este e os datos consignados no informe de participación voluntaria.

Artigo 12. *Procedemento para o seguimento e a verificación no marco dos proxectos de aplicación conxunta en territorio español.*

O seguimento e verificación dos proxectos do mecanismo de aplicación conxunta que se realicen en territorio español seguirán os procedementos de seguimento e verificación establecidos polo Comité de Supervisión do artigo 6 do Protocolo de Kioto, e levaranse a cabo polas entidades independentes acreditadas por este.

Artigo 13. *Aplicación das directrices de dobre contabilidade.*

A contabilización das URE resultantes de proxectos de aplicación conxunta en territorio español farase de conformidade co disposto na Decisión da Comisión 2006/780/CE, do 13 de novembro, relativa á forma de evitar o dobre cómputo das reducións de emisións de gases de efecto invernadoiro no réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión en relación a actividades de proxectos derivados do Protocolo de Kioto de conformidade coa Directiva 2003/87/CE, ou normativa internacional ou comunitaria que a substitúa, desenvolva ou complete.

Disposición transitoria única. *Validez dos proxectos previamente aprobados.*

Os informes de participación voluntaria da autoridade nacional designada española aprobados antes da entrada en vigor deste real decreto consideraranse válidos nos termos recollidos neste.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución española en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílase o ministro de Medio Ambiente para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 20 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

14102 *RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2007, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se estende a colaboración social á presentación electrónica das solicitudes de compensación, aprazamento ou fraccionamento de débedas tributarias correspondentes a declaracións tributarias cuxa presentación electrónica sexa obrigatoria, así como dos documentos que, de acordo coa normativa vixente, deberán acompañar tales solicitudes e se aproba o documento normalizado para acreditar a representación para a súa presentación por vía electrónica en nome de terceiros. («BOE» 175, do 23-7-2007.)*

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, regula, con carácter xeral, as relacións electrónicas entre as administracións públicas e os cidadáns.

A Resolución do 3 de xuño de 2005, da Presidencia da Axencia Estatal de Administración Tributaria, regula os rexistros telemáticos e a Resolución do 23 de agosto de 2005, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, regula a presentación de determinados documentos electrónicos no Rexistro telemático xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, prevé, no seu artigo 98.4, que no ámbito de competencias do Estado o ministro de Facenda poderá determinar os supostos e condicións en que os obrigados tributarios deberán presentar por medios telemáticos as súas declaracións, autoliquidacións, comunicacións, solicitudes e calquera outro documento con transcendencia tributaria.

A dita posibilidade fíxose efectiva recentemente en relación coa declaración do imposto de sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes, modelos 200 e 201 (para aqueles declarantes que teñan a forma de sociedade anónima ou de sociedade de responsabilidade limitada) pola Orde EHAC 1433/2007, do 17 de maio, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e a entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español, para os períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006, se ditan instrucións relativas ao procedemento de declaración e ingreso e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática.

Na referida orde prevese a posibilidade de presentación electrónica da declaración con solicitude de compensación, fraccionamento ou aprazamento da débeda tributaria resultante da declaración, ben que para iso se require que o declarante se conecte previamente ao Rexistro telemático da Axencia Estatal de Administración Tributaria e envíe o documento correspondente previsto na normativa para cada tipo de solicitude das mencionadas anteriormente de forma que, unha vez enviado correctamente o documento que corresponda, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolverá en pantalla un número de referencia que obrigatoriamente deberá ser consignado ao enviar as devanditas declaracións. Trátase dunha solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación da débeda tributaria resultante da declaración, con carácter previo á súa presentación.

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no seu artigo 65 regula os aprazamentos e fraccionamentos de débedas tributarias e nos artigos 71 e 72 as compensacións de débedas tributarias, sendo obxecto de desenvolvemento as devanditas materias nos artigos 44 a 54 e nos artigos 55 e seguintes, respectivamente, do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Igualmente, a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ao regular a «Colaboración social na aplicación dos tributos», nos seus artigos 92 a 95, mantén o espírito que informaba este tema na anterior Lei xeral tributaria, e amplía o seu ámbito obxectivo a novas actuacións, coa finalidade de favorecer o cumprimento das obrigas tributarias por parte dos contribuíntes. Así, o artigo 92.3 establece os aspectos a que se pode referir a devandita colaboración social, recollendo na súa letra e) a presentación e remisión á Administración tributaria de autoliquidacións, declaracións, comunicacións ou calquera outro documento con transcendencia tributaria, logo de autorización de obrigados tributarios. Do mesmo modo, o punto 4 do mesmo artigo establece que a Administración tributaria poderá sinalar os requisitos e condicións para que a colaboración social se realice mediante a utilización de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

O desenvolvemento regulamentario desta fórmula legal de participación na xestión tributaria foille encomendado ao Goberno mediante autorización contida na disposición derradeira segunda da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. En cumprimento desta autorización, aprobouse o Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios que, expresamente, no seu artigo 2.1.c) prevé a solicitude de aprazamentos e fraccionamentos de débedas tributarias e, no seu artigo 2.1.d), prevé a solicitude de compensación de débedas por instancia de parte.

A disposición derogatoria única, punto 2, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, anteriormente citada, determina que as normas regulamentarias ditadas en desenvolvemento dos textos derogados continuarán vixentes mentres non se opoñan ao previsto nesta, ata a entrada en vigor das distintas normas regulamentarias que se poidan ditar en desenvolvemento desta lei.

Neste marco xurídico, a Orde EHA/1433/2007, do 17 de maio, abre a colaboración social para a presentación, en nome de terceiro, dos modelos de declaración cuxa presentación telemática se impón con carácter obrigatorio, así como para darlle traslado da orde de domiciliación previamente comunicada ao colaborador social polos terceiros aos cales representa, para os efectos do pagamento da débeda tributaria resultante da declaración. Non a abre, non obstante, para a presentación das solicitudes de aprazamentos, fraccionamentos ou compensación de débedas, en canto que se trata da presentación de docu-

mentos non exixidos pola normativa tributaria, polo que, de conformidade coa disposición derradeira primeira do Real decreto 1377/2002, lle corresponde ao director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria establecer, mediante resolución, os supostos e condicións en que poderá presentar estas solicitudes e, de ser o caso, a documentación que deba acompañalas, en nome de terceiro, quen, en virtude da sinatura do correspondente convenio, teña a consideración de colaborador social.

En efecto, o Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, recolle na súa disposición derradeira primeira unha habilitación ao director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria para que estableza, mediante resolución, os supostos e condicións en que as persoas e entidades incluídas no ámbito da colaboración social poderán presentar por medios electrónicos calquera outra documentación de carácter tributario distinta das declaracións, comunicacións, declaracións-liquidacións, autoliquidacións, e calquera outro documento exixido pola normativa tributaria.

Ao abeiro desta habilitación, a través desta resolución, establécense os supostos e condicións en que as persoas ou entidades autorizadas a presentar por vía electrónica declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, que desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios, poderán presentar electronicamente, en nome de terceiro, as solicitudes de compensación, aprazamento ou fraccionamento da débeda tributaria resultante da declaración presentada con carácter obrigatorio por vía electrónica, así como os documentos que, de conformidade coa normativa vixente, deban acompañar a devandita solicitude. Con iso preténdese que quen pode presentar en nome de terceiro, como colaborador social, unha declaración tributaria cuxa presentación electrónica sexa obligatoria, poida tamén solicitar electronicamente a compensación, aprazamento ou fraccionamento da débeda resultante de tal declaración.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Obxecto.*—Esta resolución ten por obxecto establecer os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na aplicación dos tributos regulada no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación electrónica de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, para a presentación no Rexistro telemático da Axencia Estatal de Administración Tributaria de solicitudes de compensación, aprazamento ou fraccionamento reguladas nos artigos 44 a 54 e 55 e seguintes do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, de débedas tributarias resultantes de declaracións cuxa presentación electrónica sexa obligatoria, e dos documentos que, de acordo coa normativa vixente, deberán acompañar as referidas solicitudes.

Así mesmo, apróbese o documento normalizado válido para acreditar a representación para a presentación das solicitudes de compensación, aprazamento ou fraccionamento de débedas tributarias resultantes de declaracións cuxa presentación electrónica sexa obligatoria e dos documentos que, de acordo coa normativa vixente, deberán acompañar as referidas solicitudes.

Segundo. *Supostos e condicións en que se pode estender a colaboración social á presentación electrónica das solicitudes de compensación, aprazamento ou frac-*

cionamento de débedas tributarias resultantes de declaracións cuxa presentación electrónica sexa obrigatoria e dos documentos que, de acordo coa normativa vixente, deberán acompañar as referidas solicitudes.

1.º A colaboración social na aplicación dos tributos poderase estender á presentación electrónica no Rexistro telemático da Axencia Estatal de Administración Tributaria das solicitudes de compensación, aprazamento ou fraccionamento de débedas tributarias resultantes de declaracións cuxa presentación electrónica sexa obrigatoria e dos documentos que, de acordo coa normativa vixente, deberán acompañar as referidas solicitudes, nas condicións establecidas nesta resolución e de conformidade co disposto na normativa que regula os devanditos procedementos e no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación electrónica de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios.

2.º Poderán presentar os documentos a que se refire o punto anterior, en representación de terceiros, as persoas ou entidades que teñan subscrito ou subscriban o correspondente acordo de colaboración coa Axencia Estatal de Administración Tributaria nos termos establecidos no artigo 4 do citado Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro –polo que se regulan os suxeitos da colaboración social na xestión dos tributos–.

3.º As persoas ou entidades a que se refire o punto anterior, que pretendan presentar os documentos a que se refire o punto 1º en representación de terceiras persoas, deberán ter a correspondente representación das persoas en cuxo nome presenten a documentación, nos termos establecidos no artigo 46 da Lei xeral tributaria. A Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá instar destes, en calquera momento, a acreditación da súa representación, e será válido para tal efecto o documento normalizado que figura no anexo de resolución, que estará dispoñible na internet (www.agenciatributaria.es).

4.º A persoa ou entidade autorizada para presentar por vía electrónica os documentos a que se refire o punto 1º, en representación de terceiras persoas, deberá dispor dun sistema de sinatura electrónica admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co previsto na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura

electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración tributaria, así como na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación electrónica de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios.

Terceiro. *Rexistro dos documentos electrónicos presentados.*

1. Os documentos a que se refire esta resolución presentaranse de acordo co establecido na Resolución do director xeral da Axencia Estatal de Administración tributaria, do 23 de agosto de 2005, pola que se regula a presentación de determinados documentos electrónicos no Rexistro telemático xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. Unha vez rexistrados os documentos, enviaránse-lles sen dilación aos órganos administrativos competentes por medios informáticos.

3. Correspóndelle ao Departamento de Informática Tributaria a programación e supervisión do sistema de información para o seu correcto funcionamento.

Cuarto. *Documento normalizado de representación.*–Apróbase o documento normalizado que figura no anexo desta resolución, válido para acreditar a representación na presentación por vía electrónica de solicitudes de compensación, aprazamento ou fraccionamento de débedas tributarias resultantes de declaracións cuxa presentación telemática sexa obrigatoria e dos documentos que, de acordo coa normativa vixente, deberán acompañar as referidas solicitudes.

O devandito documento non lle confire ao presentador a condición de representante para intervir noutros actos nin para recibir ningún tipo de comunicación da Administración tributaria en nome do suxeito pasivo, mesmo cando esta fose consecuencia do documento presentado.

Quinto. *Aplicación.*–Esta resolución será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de xullo de 2007. –O director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, Luis Pedroche y Rojo.

MODELO DE REPRESENTACIÓN PARA A PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES DE COMPENSACIÓN, APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS RESULTANTES DE DECLARACIÓN CUXA PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA SEXA OBRIGATORIA E DOS DOCUMENTOS QUE, DE ACORDO COA NORMATIVA VIXENTE, DEBERÁN ACOMPAÑAR TALES SOLICITUDES

OUTORGAMENTO DA REPRESENTACIÓN

D/D.^a NIF
con domicilio fiscal en (municipio)..... (vía pública)..... n.º

A entidade (razón social)..... NIF
con domicilio fiscal en (municipio)..... (vía pública)..... n.º
e no seu nome D/D.^a..... como representante
legal segundo documento xustificativo que se achega, con NIF, e domicilio fiscal en
(municipio)..... (vía pública)..... n.º

OUTORGA A SÚA REPRESENTACIÓN A.....
NIF....., como asinante ou adherido ao convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de
Administración Tributaria e.....
para presentar por vía electrónica solicitude de

- compensación
- aprazamento
- fraccionamento

da débeda tributaria resultante de declaraciónmodelocorrespondente ao exercicio
.....por importe de..... e dos documentos que, de acordo coa normativa vixente, deberán acompañar
as referidas solicitudes.

Esta autorización circunscríbese á mencionada presentación por vía electrónica sen que lle confira ao
presentador a condición de representante para intervir noutros actos nin para recibir ningún tipo de
comunicación da Administración tributaria en nome do suxeito pasivo ou interesado, mesmo cando esta fose
consecuencia do documento presentado.

Así mesmo, o outorgante autoriza para que os seus datos persoais sexan tratados de xeito automatizado para os
exclusivos efectos da presentación dos referidos documentos, por medios electrónicos.

ACEPTACIÓN DA REPRESENTACIÓN

Coa sinatura deste escrito o representante acepta a representación conferida e responde da autenticidade da
sinatura do outorgante, así como da copia do DNI (1) deste que acompaña este documento. Só se acreditará
esta representación ante a Administración tributaria cando esta llo inste ao representante.

NORMAS APLICABLES

Lei xeral tributaria (Lei 58/2003). Representación voluntaria: artigo 46.

Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992). Representación: artigo 32.

Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (Lei orgánica 15/1999). Dereito a información na
recolla de datos: artigo 5

En....., o de..... de.....

En....., o..... de..... de....

O OUTORGANTE (2)

O REPRESENTANTE (2)

*O texto deste documento normalizado non poderá ser modificado, sen prexuízo da facultade dos interesados de
outorgar a súa representación en termos diferentes, acreditándoa por calquera outro medio válido en dereito.*

(1) DNI ou documento equivalente de identificación de estranxeiros.

(2) Se é persoa xurídica deberá figurar tamén o selo da entidade.